



BANDO

SITUACIÓN ACTUAL COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE DO CONCELLO DE SANTA COMBA

Comunico a toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 4 os casos positivos por Coronavirus COVID-19.

Agradecer á cidadanía de Santa Comba, a responsabilidade e cumprimento das medidas de prevención.

Santa Comba é un lugar seguro porque a súa xente actúa con seguridade, prudencia e responsabilidade.

O concello de Santa Comba recorda a todos os seus veciños e veciñas que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr a transmisión do Coronavirus:

1. Usar máscara seguindo as recomendacións sanitarias é obrigatorio en tódalas circunstancias.
2. Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.
3. Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
4. Evitar aglomeracións en sitios concorridos, así como evitar reunións e actos sociais con máis de 10 persoas tanto en lugares públicos (terrazas..) como privados (domicilios...). Recoméndase evitar os contactos sociais fóra do grupo de convivencia estable.
5. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.
6. Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfato e gusto, diarrea, etc.) quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico/a de Atención Primaria.
7. Prohibición de fumar e vapear na vía pública ou en espazo ao aire libre cando non se poida respectar unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Para máis información: www.coronavirus.sergas.gal.

Temos que seguir cumprindo cun comportamento exemplar as normas que nos indican as autoridades sanitarias. Facer un bo uso das mesmas implicará que a comarca xalleira evolucione como a día de hoxe o está facendo.

Santa Comba, 11 de outubro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García